

PROGRAMA DE MELLORA DE EMPREGABILIDADE NOS CENTROS (PMEC) CURSO ACADÉMICO 2022-2023



O alumnado que complete a participación (como mínimo nunha porcentaxe do 80%) nos tres módulos do PMEC terá dereito a solicitar 1 crédito ECTS.

Os obxectivos, contidos, modalidade e inscrición de cada un dos módulos explícanse nos apartados correspondentes nesta páxina.

MÓDULO 3

XORNADA "EXPERIENCIAS E CASOS PRÁCTICOS DE INSERCIÓN LABORAL"

Día 8 de xuño de 2023 I Duración: 4 h (de 9:55 a 14:00) I Modalidade: En liña (Teams)

Dirixida ao colectivo universitario (alumnado e persoas egresadas en todos os estudos da UDC).

Contido

Na 1ª parte da xornada, persoas expertas en RRHH e en diferentes ámbitos tanto na empresa privada coma no eido público, darán respostas a cuestións sobre os procesos de selección de persoal actuais e tendencias futuras, sobre o acceso ao emprego público dende os estudos universitarios, oportunidades de emprego e mobilidade na UE, fontes de información e recursos, etc.

Na 2ª parte, persoas mozas graduadas universitarias emprendedoras contarán as súas experiencias no proceso de creación de empresas: como xurdiron as ideas de negocio, forma xurídica, modelos, obstáculos, expectativas, retos e logros.

- [Programa](#)
- [Bíos relatores](#)
- Inscrición: [AQUÍ](#)

MÓDULO 1

SEMINARIO DE EMPRENDEMENTO

"SEMINARIO DE FOMENTO DA CULTURA EMPREENDEDORA"

Duración: 3 h

Ten como obxectivo difundir como se xeran as ideas empresariais e poder romper os mitos sobre a figura do emprendedor/a, amosando que calquera persoa con gañas e esforzo, pode converter a súa idea nun proxecto empresarial. O contido formativo versará sobre a explicación da figura do emprendedor/a, a idea de negocio e a posta en marcha. Este formación teórica complementarase cunha dinámica sobre a metodoloxía de xeración de modelos de negocio – Canvas.

Este seminario poderá realizarse **presencial ou online (a través do TEAMS da UDC)** . Cada seminario estará dirixido ao alumnado de cada centro (facultade ou escola universitaria) ou ao alumnado de distintos centros segundo o programa consensuado con eles e, na medida que se vaian concretando as datas e modalidade (presencial ou online), publicaranse de forma sucesiva no seguinte apartado.

SEMINARIOS DE EMPRENDEMENTO

- 10 de novembro, de 10:30 a 13:30 h Facultade de Informática (en liña)
- 11 de novembro, de 10:45 a 13:45 h Turismo- Facultade de Filoloxía - Aula 1.5 (presencial)
- 15 de novembro, de 9:00 a 12:00 h Escola de RR. Laborais A Coruña (presencial)
- 17 de novembro, de 11.00 a 14.00h - Grao en Química - Facultade de Ciencias Aula 2 (presencial)
- 18 de novembro, de 9.00 a 12.00 h - Grao en Bioloxía - Facultade de Ciencias - Aula 13 (presencial)
- 25 de novembro, de 10:00 a 13:00 h Facultade de Dereito - Salón de Graos (presencial)
- 29 de novembro de 9:00 a 12.00 h. Aula de Prácticas IV – Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física – Campus de Bastiagueiro (modalidade presencial)
- 29 de novembro de 11:00 a 14:00 h. Facultade de Humanidades e Documentación-Aula 2.1. (presencial)
- 25 de xaneiro de 2023, de 10:00h a 13:00 h Facultade de Fisioterapia (en liña)

Inscripcións: [Aquí](#)

MÓDULO 2

SEMINARIO ORIENTACIÓN LABORAL

"PROBAS DE SELECCIÓN DAS EMPRESAS E RECURSOS PARA A BUSCA DE EMPREGO E PRÁCTICAS"

Duración: 3 h

Obxectivo xeral: desenvolver as competencias básicas necesarias para enfrontar os procesos de selección de persoal utilizados polas empresas na avaliación das persoas candidatas ás ofertas de emprego ou de prácticas.

Os obxectivos específicos:

- Aprender a elaborar o CV adaptándoo a cada oferta de prácticas ou emprego, saber seleccionar e potenciar os datos máis salientables e a elixir formatos e soportes máis adecuados segundo a empresa e posto.
- Familiarizarse coa proba da entrevista e os seus tipos, coñecer as preguntas habituais, aquelas máis novidosas e aprender a identificar as competencias que avalía.
- Coñecer os recursos básicos para a procura de prácticas e emprego (portais xeralistas e específicos de emprego e prácticas, a Rede EURES, programas de prácticas para estudantes e persoas recentemente egresadas, preparar a autocandidatura espontánea e reflexionar sobre a estratexia dixital para preparar a candidatura, os contactos e as redes sociais profesionais, etc.).

SEMINARIOS DE ORIENTACIÓN LABORAL PROGRAMADOS 2022-2023

- **ERLAC** (Escola Universitaria de Relacións Laborais A Coruña) I 15-11-2022 I de 15:30-18:30 h (presencial)
- **Facultade de Socioloxía**, 29 e 30 de novembro de 2022, de 14:00 a 15:30 h (presencial)
- **Facultade de Turismo**, 25 de novembro de 2022, de 10:45 a 13:45 h (presencial)
- **Facultade de Fisioterapia**, 26 de xaneiro de 2023, de 10:00 a 13:00 h (en liña)
- **Todas as titulacións do Campus de Ferrol. Lugar: Facultade de Humanidades**, 8 de febreiro de 2023, de 11:00 a 14:00 h
- **Facultade de CC. do Deporte e da Educación Física**, 27 de febreiro de 2023, de 16:00 a 19:00 h. Aula Prácticas 4
- **FIC (Facultade de Informática)**, 16 de marzo de 2023, de 9:30 a 12:30 h; modalidade *online* (Teams UDC).
- **Facultade de Ciencias**, 4 de maio de 2023, de 11:00 a 14:00 h; Aula 7
- **Mestrado Universitario en Psicoloxía Aplicada, Facultade de CC da Educación**, 9 de maio de 2023, de 14:00 a 19:00 h; Aula 1.5

Inscripcións: [Aquí](#)